Consello Social
Universidade de Vigo

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN EXECUTIVA DO CONSELLO SOCIAL DO 21.10.2020

LUGAR: Sala I do Edificio Miralles - Campus de Vigo
DATA: 21.10.2020
HORA DE COMEZO: 12:00 h.
HORA DE REMATE: 13:30 h.

LISTA DE ASISTENTES
D. Ernesto Pedrosa Silva
D. Manuel Joaquín Reigosa Roger
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Javier Garrido Valenzuela
Dª Ana Isabel Vázquez Reboredo
Dª Natalia Zunzunegui Garrido

NON ASISTEN
Dª Marta Iglesias Bueno

Secretario: D. Ignacio Rodríguez Iglesias

O mércores día 21 de outubro de 2020, ás 12:00 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión Executiva do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (13.03.2020).
2. Informe do presidente.
3. Supervisión, se procede, das taxas dos seguintes cursos:
- I Curso de especialista en "Tecnoloxías de quinta xeración (5G)"
- II Curso de especialista en "Desenvolvemento de software e negocio dixital"
- II Curso de especialista en "Electrónica para compoñentes da automoción"
- II Curso de especialista en "Tecnoloxías de quinta xeración (5G)"
- III Curso de especialista en "Tradución para a industria do videoxogo"
- III Curso de formación en "Negociación colectiva e individual no ámbito laboral"
- X Curso de formación en "Estatística con "R" para investigadores"
- XIX Curso de máster/especialista en "Auditoría e contabilidade"

4. Aprobación, se procede, das taxas dos seguintes cursos:
- I Curso complementario en "Competencias transversais para o futuro laboral"
- II Curso complementario en "Ecografía básica en fisioterapia: sonoanatomía"
- V Curso complementario en "Pilates en mat para fisioterapeutas"
- VIII Curso de formación en "Estatística con "R" para profesionais da saúde"

5. Informe sobre as Memorias finais dos seguintes cursos:
a) Con aprobación previa do Presidente:
- I Curso complementario en "Ecografía básica en fisioterapia: sonoanatomía"
- I Curso de especialista en "Tradución para a industria do videoxogo"
- XVII Curso de máster/especialista en "Auditoría e contabilidade"
- IV Curso complementario en "Pilates en mat para fisioterapeutas"
- III Curso de formación en "Advanced trading"
- II Curso de especialista en "Refalado interlingüístico (inglés-español)"
- II Curso de formación en "Data mining con R"
- VII Curso de formación en "Estatística avanzada con R para profesionais da saúde"
- IX Curso de formación en "Control estatístico de calidade con R"

6. Aprobación, se procede, da reasignación definitiva das Bolsas-colaboración asignadas á UVigo polo Ministerio de Educación e Formación Profesional para o curso 2020/2021.
7. Autorización da modificación xustificada do programa da convocatoria de Prácticums e do desenvolvemento telemático das actividades, en atención as circunstancias excepcionais provocadas pola COVID-19.
8. Análise e acordo que proceda sobre a posible aplicación do disposto nos artigos 79.1e) e 80.3) da Lei 6/2013 do SUG, e do artigo 11 do Regulamento do Consello Social.
9. Rogos e preguntas.

Ernesto Pedrosa avalía as excepcionais circunstancias nas que se desenvolve a reunión, que se convoca polo baixo número de membros que conforman a comisión, e aos que lles agradece expresamente a súa presenza neste convulso período.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (13.03.2020).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do Presidente.

Sinala o presidente que, dentro do marco de reflexións e análise de indicadores que se acostuman a facer dentro da Comisión, está pendente a avaliación das causas principais polas que se producen abandonos entre os estudantes da UVigo, así como outras interpretacións dos resultados das enquisas periódicas que realiza a UVigo sobre a satisfacción da comunidade universitaria cos títulos ou cos servizos que se prestan dende a institución. Subliña que se volverá sobre estes asuntos tan pronto se dean as condicións de normalidade precisas para contextualizar axeitadamente os datos.

PUNTOS 3 e 4

Supervisión, se procede, das taxas dos seguintes cursos:

- *I Curso de especialista en "Tecnoloxías de quinta xeración (5G)"*
- *II Curso de especialista en "Desenvolvemento de software e negocio dixital"*
- *II Curso de especialista en "Electrónica para compoñentes da automoción"*
- *II Curso de especialista en "Tecnoloxías de quinta xeración (5G)"*
- *III Curso de especialista en "Tradución para a industria do videoxogo"*
- *III Curso de formación en "Negociación colectiva e individual no ámbito laboral"*
- *X Curso de formación en "Estatística con "R" para investigadores"*
- *XIX Curso de máster/especialista en "Auditoría e contabilidade"*

Aprobación, se procede, das taxas dos seguintes cursos:

- *I Curso complementario en "Competencias transversais para o futuro laboral"*
- *II Curso complementario en "Ecografía básica en fisioterapia: sonoanatomía"*
- *V Curso complementario en "Pilates en mat para fisioterapeutas"*
- *VIII Curso de formación en "Estatística con "R" para profesionais da saúde"*

Examinadas as propostas presentadas, entre as que se subliñan incidencias rexistradas en dúas delas, como é o caso do II Curso de especialista en "Desenvolvemento de software e negocio dixital", e no III Curso de formación en "Negociación colectiva e individual no ámbito laboral", respecto da primeira, tense en conta o escrito remitido pola xefa da Sección de Máster no que xustifica que as taxas excedan as autorizadas polo Consello Social para os cursos de especialista, por tratarse neste caso dun curso con contido equivalente a Máster (que si se axustaría ás normas), denominación que non se emprega para non confundir cos estudos oficiais.

No segundo caso, valórase o escrito da codirectora do curso, comprometéndose a corrixir os incumprimentos da anterior edición e aterse nesta edición a non exceder o máximo autorizado para pago pola dirección do curso, e respectar o mínimo que debe dedicar a bolsas. Aceptadas estas argumentacións, a Comisión ACORDA:

- ***Aprobar as seguintes taxas:***

I Curso de especialista en "Tecnoloxías de quinta xeración (5G)"; II Curso de especialista en "Desenvolvemento de software e negocio dixital"; II Curso de especialista en "Electrónica para compoñentes da automoción"; II Curso de especialista en "Tecnoloxías de quinta xeración (5G)"; III Curso de especialista en "Tradución para a industria do videoxogo"; III Curso de formación en "Negociación colectiva e individual no ámbito laboral"; X Curso de formación en "Estatística con "R" para investigadores"; XIX Curso de máster/especialista en "Auditoría e contabilidade"; I Curso

complementario en "Competencias transversais para o futuro laboral"; II Curso complementario en "Ecografía básica en fisioterapia: sonoanatomía"; V Curso complementario en "Pilates en mat para fisioterapeutas"; VIII Curso de formación en "Estatística con "R" para profesionais da saúde".

PUNTO 5

Informe sobre as Memorias finais dos seguintes cursos:

a) Con aprobación previa do Presidente:

- *I Curso complementario en "Ecografía básica en fisioterapia: sonoanatomía"*
- *I Curso de especialista en "Tradución para a industria do videoxogo"*
- *XVII Curso de máster/especialista en "Auditoría e contabilidade"*
- *IV Curso complementario en "Pilates en mat para fisioterapeutas"*
- *III Curso de formación en "Advanced trading"*
- *II Curso de especialista en "Refalado interlingüístico (inglés-español)"*
- *II Curso de formación en "Data mining con R"*
- *VII Curso de formación en "Estatística avanzada con R para profesionais da saúde"*
- *IX Curso de formación en "Control estatístico de calidade con R"*

Revisadas e comentadas as documentacións correspondentes, e vistos os informes dos servizos competentes, a Comisión ACORDA:

- ***Informar favorablemente as seguintes Memorias finais:***

I Curso complementario en "Ecografía básica en fisioterapia: sonoanatomía"; I Curso de especialista en "Tradución para a industria do videoxogo"; XVII Curso de máster/especialista en "Auditoría e contabilidade"; IV Curso complementario en "Pilates en mat para fisioterapeutas"; III Curso de formación en "Advanced trading"; II Curso de especialista en "Refalado interlingüístico (inglés-español)"; II Curso de formación en "Data mining con R"; VII Curso de formación en "Estatística avanzada con R para profesionais da saúde"; IX Curso de formación en "Control estatístico de calidade con R".

PUNTO 6

Aprobación, se procede, da reasignación definitiva das Bolsas-colaboración asignadas á UVigo polo Ministerio de Educación e Formación Profesional para o curso 2020/2021.

Explica o secretario que, como continuación do proceso iniciado o pasado mes de xuño en primeira instancia, para a asignación de 53 Bolsas-colaboración concedidas polo Ministerio de Educación e Formación Profesional aos 42 Departamentos solicitantes da UVigo, e consonte á documentación remitida pola Sección de Axudas e Bolsas, efectúase a adxudicación definitiva tras as vacantes producidas despois do primeiro reparto. Finalizado o prazo e o procedemento de análise das solicitudes, hai 11 vacantes en 10 departamentos; e 26 solicitantes de 17 departamentos.

Engade Ignacio Rodríguez que se detectan varios casos de departamentos que solicitan maior número de bolsas do rexistrado en xuño, polo que dos 26 solicitantes hai 5 peticións correspondentes a cinco departamentos que non poden ser tidas en conta, de acordo co recollido nas bases. Así mesmo dá conta do proceso de reasignación e dos criterios aplicados para as puntuacións, así como dos baremos empregados e da ponderación das normas fixadas polo Consello Social, ata establecer as posición por orde de preferencia de cada unha das solicitudes. A incorporación das notas dos estudantes como criterio selectivo pondérase de xeito destacado nesta reasignación, xunto coa produción científica, os ámbitos e os campus, para que teñan bolsa o maior número posible de departamentos.

- *A Comisión ACORDA informar favorablemente a aprobación do seguinte reparto:*
  - **Reasignación definitiva**

DEPARTAMENTO	**Nº BOLSAS**
Química Física	1
Dereito público	1
Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía	1
Tradución e lingüística	1
Didácticas especiais	1
Didáctica, organización escolar e métodos de investigación	1
Filoloxía inglesa, francesa e alemá	1
Enxeñaría mecánica, máquinas e motores térmicos e fluídos	1
Enxeñaría dos materiais, mecánica aplicada e construción	1
Bioquímica, xenética e inmunoloxía	1
Física aplicada	1

  - **Lista de agarda**

DEPARTAMENTO	**Nº BOLSAS**
Química Física	1
Didácticas especiais	1
Filoloxía galega e latina	1
Dereito público	1
Informática	1
Enxeñaría química	1

PUNTO 7

Autorización da modificación xustificada do programa da convocatoria de Prácticums e do desenvolvemento telemático das actividades, en atención as circunstancias excepcionais provocadas pola COVID-19.

Ante as abundantes peticións por parte dos centros, a fin de contrarrestar a dificultade para desenvolver actividades presenciais para o alumnado nas actuais circunstancias, e vista a baixa execución rexistrada ata hoxe das axudas inicialmente concedidas, debido as restricións impostas por saúde pública, proponlle o presidente á Comisión que autorice a realización de actividades a través de soporte telemático con cargo á convocatoria de Prácticums, modificando incluso o programa presentado no seu momento sempre e cando estea debidamente xustificado e cumpra os obxectivos da convocatoria.

- *A Comisión dá a súa conformidade.*

PUNTO 8

Análise e acordo que proceda sobre a posible aplicación do disposto nos artigos 79.1e) e 80.3) da Lei 6/2013 do SUG, e do artigo 11 do Regulamento do Consello Social.

A instancia do presidente, os asistentes son coñecedores da situación respecto do cumprimento polos membros do disposto nos artigos 79.1e) e 80.3) da Lei 6/2013 do SUG, e no artigo 11 do Regulamento do Consello Social. Tras a exposición de Ernesto Pedrosa, e como conclusións xerais destacadas respecto das ausencias máis reiteradas aos plenos durante 2020 tomáronse en consideración, dunha banda, a obriga de ter en conta a absoluta imposibilidade de efectuar convocatorias presenciais todo o ano, e os problemas que teñen afectado a algúns membros co acceso virtual; e doutra, a inminente renovación dos representantes no Consello Social, anunciada pola Xunta para o período 2021/2024.

PUNTO 9

Rogos e preguntas.

Previa reflexión de contexto de Javier Garrido, os asistentes conveñen en solicitar do goberno universitario que manteña informado ao Consello Social da evolución e afección da pandemia na UVigo, e da incidencia e repercusión na actividade académica, así como das medidas que se están a tomar. O Reitor amosa o seu compromiso de remitir os informes oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:30 horas do 21 de outubro de 2020, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente da Comisión Executiva, O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva Ignacio Rodríguez Iglesias